

Xogo libre

Rubio Iglesias Miranda. Mestre EF

Como xogo libre entendemos a posibilidade d@ alumn@ de xogar de xeito individual ou en grupo a un xogo ou deporte que eles poden escoller dentro dun amplo abano de posibilidades.

Estas sesións, lóxicamente, teñen que estar reflectidas na programación xeral anual de educación física, e inseridas nuns períodos concretos da temporalización de todas as sesións dun curso.

O docente debe coordinar o xogo libre e ter en conta:

- 1.- As normas de cada xogo que @s alumn@s escollan
- 2.- A organización do devandito xogo nun espazo (en ocasións reducido).
- 3.- O reparto do material (só no comenzo da sesión)
- 4.- Potenciar as correctas conductas deportivas e de convivencia, que son un obxectivo da actividade moi importante (competencia social e cidadán)
- 5.- Deixar dosis de liberdade que non son habituais noutras sesións (posibilidade d@s nen@s de "inventar" un xogo), modificacións ou simplificación das regras dun xogo (competencia de aprender a aprender).

En moitas ocasións, estas sesións son unha forma de avaliar a maior ou menor aceptación e integración dun alumn@, e pode ser un "sociograma" que nos axude a avaliar e solucionar algúns problemas desta índole.

O xogo libre ten un alto valor didáctico xa que @ nen@ hoxe en día está moi mediatizado por un adulto no seu xogo en relación a anteriores xeracións, pero ese tipo de actividade ten que desenvolverse de xeito puntual (3 ou 4 sesións por trimestre) e intentando que algunha destas sesións coincida cara final do trimestre, pois é cando a carga de exames doutras asignaturas é maior e @s están máis cansos (efecto catártico).

En resume co xogo libre fomentamos:

- As relacións do grupo e a aceptación de normas.
- A liberdade de elección (xogo, compañeir@s...)
- O fomento da creatividade e a autoestima.
- O compromiso motriz ó 100%. Poucas interrupcións d@ mestre.
- O respecto polas zonas de xogo.
- O pracer do xogo por si mesmo.
- @ alumn@ constrúe a súa propia aprendizaxe.



Gabriel Alfonsín, Diego Martínez, Xavier Santos, Andrea González, Raul Santos, Sara Prieto, Alicia Moure, Helena Sofía Salgado, Pedro Vieites, Laura Suárez, Emanuel Pazos, Raquel Querentes, Rubén Fernández, Alejandro Majadas, Sara Morato, Ana Carreira, Paula Campos, Carmen Raña, Paula Rodríguez, Juan Pazos, Martín Gómez, Iván González, Antón Casaleiro, Ángel Villar, Lois Rey, Marcos Ríos, Carmen Otero, Víctor Manuel Víctor, Sabela Botana, Carmen Pose, María Crujeiras, Diego Iglesias, Jacobo Migueles, Jorge Rivas, Laura Martínez, Antía García, María Carrión, Beatriz Salgado, Miguel González.

Noraboa e tod@



Marita Vilar Armas. Mestra Orientadora

EDUCAR BEN REQUIRE SABER O QUE É BON. EDUCAR BEN REQUIRE SACRIFICIO.

Hai algo que todos queremos para os nosos fillos: QUE SEXAN FELICES. Para que sexan felices teñen que ter contacto co que é bo e por elo os pais deben chegar a ser conscientes de que hai cousas boas e cousas malas para os fillos. Os pais deben esforzarse de forma continúa para profundizar en qué é bo tanto para eles mesmos como para os seus fillos.

EXEMPLO: ¡CUIDADO DE NON SACRIFICAR O BEN POLA PAZ!

Esta é unha das dificultades principais dos pais que intentan crear unha familia. Pensan que o que é bo para os seus fillos, para a súa familia, o ben superior, é a paz familiar e non o ben dos fillos. E dicir, prefiren unha situación na que non haxa disgustos nin confrontamentos a outra na que se logra o ben, un ben auténtico, pero tendo que sufrir persoalmente ou facer sufrir a outros.

- E menos doloroso para os pais e o fillo que o neno se durma no sofá ou na cama dos pais que ter que pelexar con el para que se vaia durmir a súa cama.
- E menos doloroso para os pais e o fillo facerlle os deberes que exixirle que os faga el.
- E menos doloroso para os pais e o fillo darlle de comer e o que él queira que tratar de que coma so, sano e variado.

Os pais que teñen claro o que é bo para os seus fillos poderán resistir e soportar mellor as molestias que de estas situacións se derivan porque saben que é para conseguir algo bo, un ben para os seus fillos (autonomía progresiva, autocontrol, responsabilidade, hábitos saudables...)

Non poderemos ser fortes para exixir o que é bo aos nosos fillos se non sabemos qué é realmente bo para eles. Os pais poderán soportar mellor as molestias se estas teñen o sentido de alcanzar un ben para o seu fillo.

Ese sentido do que é bo para os fillos é o que nos axuda a enfrontarnos con fortaleza a situacións conflitivas que provocan sufrimento, tanto nos pais coma nos fillos, pero que son necesarias para educar ben e con responsabilidade.

Ese sentido do ben fai que non evitemos as situacións que supoñen sufrimento pero que son cruciais para a boa educación dos fillos. Por exemplo:

- Resistir a rabecha do teu fillo que quere unha chuche antes de cear.
- Resistir o desgusto dun fillo adolescente ao que se lle prohibiu unha saída nocturna.
- Esixir ao teu fillo, aínda que se enfade contigo, que orde a súa habitación e recolla os seus xoguetes.
- Resistir a tentación de levantar o castigo que prometeras se non cumpría coas súas tarefas.

Aguantar e soportar as molestias nunca é agradable para ninguén e so se soportarán con fortaleza se sabemos que se fai por algo que vale a pena, é dicir, se se recoñece claramente o ben que se está perseguindo coa nosa actitude.

NUN AMBIENTE DE EXIXENCIA OS NENOS VIVEN MÁIS SEGUROS E FELICES. Os nenos necesitan a exixencia dos seus pais para poder medrar e mellorar.